

**TITULO I**  
**DENOMINACIÓN, AMBITO E DOMICILIO.**  
**DA ASOCIACIÓN EN XERAL.**



**Artigo 1º.-**

Está constituída en Cangas (Foz) provincia de Lugo, unha Asociación que se denomina "Asociación de Veciños San Pedro de Cangas", que se rexerá pola Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

**Artigo 2º.-**

Son fins de esta Asociación:

- a) Estudio e resolución dos problemas comúns dos asociados, relacionados co medio, tanto local, como rural e a vida social do territorio que asignan os Estatutos.
- b) A realización e promoción de actividades culturais e recreativas, nas súas diferentes formas e manifestacións.
- c) Laborar en pro dos intereses dos asociados, en tódolo-que sirva para a promoción integral das persoas a traveso de solucións particulares ou xerales.
- d) Atender as necesidades familiares e sociais dos veciños no ámbito territorial da Asociación no referente a enseñanza, urbanismo, hixiene, beneficencia e deporte.
- e) Cantas outras actividades lícitas sexan da conveniencia ou dos intereses comúns do vecindario.

A Asociación de Veciños San Pedro de Cangas, non ten fins lucrativos.

**Artigo 3º.-**

O domicilio da Asociación radica nos locais correspondentes do Centro Cívico "Os Castros", de Cangas.

**Artigo 4º.-**

A Asociación desenvolve as súas actividades dentro do ámbito territorial de Cangas, a súa duración será indefinida, e solo disolverase, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresa en

Asemblea Xeral convocada ó efecto e por calquera das causas previstas nas leis así como por sentenza xudicial firme.



**Artigo 5º.-**

A Xunta Directiva, como órgano de representación da asociación, será competente para interpreta-los preceptos contidos nos Estatutos, someténdose en todo momento a normativa legal vixente en materia de Asociacións.

**TITULO II  
DOS ORGANOS DIRECTIVOS E DA FORMA DE  
ADMINISTRACIÓN**

**Artigo 6º.-**

A Dirección e Administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

**Artigo 7º.-**

O Presidente da Asociación, que será tamén da Xunta Directiva, asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

**Artigo 8º.-**

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estara formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Vicesecretario, un Tesoreiro e tres vocais.

Solo poderán formar parte da Xunta Directiva aquelas persoas que ostenten a condición de asociados, que sexan maiores de idade, teñan o pleno uso dos dereitos civís e non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

**Artigo 9º.-**

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva elixíranse pola Asemblea Xeral, entre tódalas candidaturas que se presenten con unha lista cerrada de oito socios e dous suplentes, resultando elixida de entre todas elas aquela que obteña máis votos, tras un previo proceso no que se fará a presentación de cada unha delas e do seu programa de goberno

pola persoa que as encabece. En todo caso nas candidaturas presentadas á Xunta Directiva deberán estar perfectamente determinados e distribuídos os distintos cargos da mesma entre os seos integrantes.

Os cargos da Xunta Directiva durarán un periodo de 4 anos, aínda que poderán ser obxecto de reelección, renovándose por metade cada dous anos. Na primeira quenda serán renovados o Vicepresidente, o Vicesecretario e un vocal; e na segunda quenda, ós dous anos seguintes, o Presidente, o Secretario, o Tesoureiro e outro vocal. O primeiro mandato dos cargos da segunda quenda de renovación durará un ano máis.

#### Artigo 10º.-

Os membros da Xunta Directiva non percibirán retribución polo cargo desempeñado.

#### Artigo 11º.-

É función da Xunta Directiva, programar e dirixi-las actividades sociais e leva-la xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de gastos e ingresos, así como o estado de contas do ano anterior.

#### Artigo 12º.-

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente, a iniciativa propia ou a petición de polo menos tres dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia polo Vicepresidente, e a falta de ámbolos dous, polo membro da Xunta Directiva que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo precisa a concurrencia, polo menos da metade máis un dos seos membros, incluídos o Presidente e o Secretario ou quen estatutariamente os substitúan. Das sesións o Secretario, ou no seu defecto, o Vicesecretario, levantarán acta, que se transcribirá o Libro de Actas.

#### Artigo 13º.-

Os membros da Xunta Directiva presidirán as Comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de demandar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas Comisións o número de Vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seos respectivos Presidentes.



*Resolución*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*



#### Artigo 14º.-

O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultadas asignadas no Art. 7º, as seguintes atribucións:

- a) Convocar e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións de unha e outra, decidindo con voto de calidade no caso de empate.
- b) Propoñe-lo plano de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- d) O Presidente estará asistido nas súas funcións polo Vicepresidente, que ademais o substituirá no caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

*Cesar Fraga*

#### Artigo 15º.-

O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o fichero e o Libro de Rexistro de Socios e terá o seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Auxiliarao nas súas funcións e substituirao nas ausencias o Vicesecretario.

#### Artigo 16º.-

O Tesoureiro custodiará os fondos pertencentes a Asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente. Así mesmo, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas de ano anterior, que deben ser presentadas á Xunta Directiva, para que esta a súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

*Cesar*

#### Artigo 17º.-

Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva, terá os deberes propios do seu cargo, así como os que nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta lles encomende.

Incumbirá de maneira concreta ó Secretario, no seo caso, ó Vicesecretario, velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade e facendo que cursen a Delegación Provincial da Consellería de Xusticia, as comunicacións sobre designación da Xunta Directiva, celebración de Asembleas Xerais, formalización do estado de contas e aprobación dos presupostos anuais.

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*



**Artigo 18º.-**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrada polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e que reunirse sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa ou polo que acorde polo menos a décima parte dos seus asociados.

Obrigatoriamente a Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria polo menos unha vez o ano, para aproba-lo Plano Xeral de actuación da Asociación, censura-la xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso, o presuposto de gastos e ingresos e o estado de contas correspondentes ó ano anterior e candas outras se sometan á votación no capítulo de rogos e guntanas.

*Oelartrege*

**Artigo 19º.-**

A Asemblea Xeral convocarase pola Xunta Directiva, con carácter extraordinario, cando o esixan as disposicións vixentes, o acorden os membros da Xunta Directiva ou o solicite un número de asociados non inferior o dez por cento, e en todo caso para a modificación dos Estatutos, así como para elixi-los membros da Xunta Directiva, disposición ou alleamento de bens, determinación das retribucións dos membros da Xunta Directiva, disolución da Asociación, expulsións de asociados a proposta da Xunta Directiva, aprobación do regulamento de réximen interno da asociación, e a solicitude de Declaración de Utilidade Pública. Tamén é da súa competencia a Constitución de Federacións, Confederacións ou Unións ou a súa integración nelas.

*[Handwritten signature]*

**Artigo 20º.-**




As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar, data e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a primeira convocatoria e o día da reunión deberán mediar polo menos quince días naturais; a segunda convocatoria realizarase media hora máis tarde da primeira.

Así mesmo incluíranse na orde do día das convocatorias aqueles asuntos propostos por un número de asociados da asociación non inferior a decima parte dos seus asociados, que as presentarán perante o Secretario da Xunta Directiva cunha antelación mínima de sete días á celebración das sesións das Asembleas Xerais.

**Artigo 21º.-**

A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria de modificación dos Estatutos da asociación estará acompañada do texto coas


*[Handwritten signatures at the bottom of the page]*



modificacións propostas, abríndose un prazo de sete días para que calquera asociado poida dirixir o Secretario as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

**Artigo 22°.-**

As Asembleas Xerais Ordinarias ou Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando concorran a elas, presentes ou representados, a metade máis un dos asociados, e en segunda convocatoria cando asistan a décima parte dos mesmos.




**Artigo 23°.-**

Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos. Non obstante, requirirán maioría cualificada das dúas terceiras partes das persoas presentes ou representadas, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos Estatutos, disposición ou alleamento de bens e remuneración dos membros do órgano de representación.

**Artigo 24°.-**

A Xunta Directiva resérvase o dereito de decisión, sobre situacións non contempladas nestes Estatutos, sempre que non sexan incompatibles coas xa existentes e non estean en contradicción coa Lei vixente reguladora do dereito de asociación e demais disposicións regulamentarias que a desenvolvan.






**Artigo 25°.-**

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

**Artigo 26°.-**

A Asociación disporá dunha relación actualizada dos seus asociados, levará unha contabilidade que reflicta a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, efectuará un inventario dos seus bens e recollerá nun libro de actas as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.



### TITULO III DOS ASOCIADOS, DEREITOS E OBRIGAS.



#### Artigo 27º.-

Poderán ser membros da Asociación, libre e voluntariamente, as persoas físicas e as persoas xurídicas, legalmente constituídas, sexan estas públicas ou privadas, que dalgunha maneira teñan interese en servi-los fins da mesma e sexan admitidos pola Xunta Directiva, a cal poderá outorga-lo nomeamento de membro honorario ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que iso leve consigo a condición xurídica de asociado.

As persoas físicas deberán ter capacidade de obrar e non estarán suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito. Os menores non emancipados de máis de catorce anos necesitarán o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban de supli-la súa capacidade.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán, para formar parte da asociación, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano rector.

*Pedartege*

#### Artigo 28º.-

Aquelas persoas que desexen pertencer á Asociación, solicitarano por escrito ó Presidente, o cal dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do asociado con recurso perante a Asamblea Xeral.

#### Artigo 29º.-

Os asociados poderán solicita-la súa baixa na Asociación voluntariamente, en calquera tempo, pero isto non lles eximirá de satisfacer-las obrigas que teñan pendentes con ela.

A Xunta Directiva poderá separar ou expulsar da Asociación a aqueles asociados que os fagan indignos de seguir pertencendo á mesma, así como adoptar calquera outra medida disciplinaria contra aqueles. A separación ou expulsión, así como calquera outra medida disciplinaria adoptada, será precedida de expediente no que deberá ser oído o interesado, o cal será informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha sanción. Este acordo en todo caso deberá ser ratificado pola Asamblea Xeral, e contra súa resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

**Artigo 30º.-**

Os asociados serán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades que promova a Asociación e nos actos sociais que organice para tódolos asociados.
- b) Gozar de tódalas ventaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
- c) Asistir e exercita-lo dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais. En todo caso cada asociado que sexa persoa xurídica terá dereito a un solo voto.
- d) Ser nomeado membro da Xunta Directiva, na forma que prevén os Estatutos.
- e) Posuír exemplar destes Estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- f) Ser informado sobre a composición da Xunta Directiva da asociación.
- g) Que se poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
- h) A impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios a lei e ós Estatutos.

**Artigo 31º.-**

Os asociados poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrínxi-los presentes Estatutos, ou os acordos da Asemblea Xeral ou a propia Xunta Directiva. As sancións poden comprender dende a suspensión dos seus dereitos durante un mes, ata a separación definitiva da Asociación, nos mesmos termos que prevén o artigo 29º.

**Artigo 32º.-**

Serán obrigas de tódolos asociados:

- a) Comparti-las finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Observar unha boa conducta individual e cívica.
- c) Acata-los presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.
- d) Aboa-las cotas periódicas, derramas e outras contribucións que acorde a Asemblea Xeral.
- e) Desempeñar fielmente as obrigas inherentes ó cargo que desempeñen.
- f) Cumpri-lo resto de obrigas que resulten destes Estatutos.



*Carla Fraga*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*





## TITULO IV DO RÉXIMEN ECONÓMICO E DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

### Artigo 33°.-

A Asociación carece de patrimonio, agás un saldo bancario transitorio favorable na C.A. de Galicia de Burela por un importe de 10924.92 €, e o seu presuposto anual será o que se determine a principios de cada ano pola Asemblea Xeral.

### Artigo 34°.-

A data de peche do exercicio económico da asociación será a de 31-12, e as contas da asociación serán aprobadas anualmente pola Asemblea Xeral, polo que deberán ser postas previamente a disposición dos asociados durante un prazo non inferior ós quince días ó sinalado para a celebración da referida Asemblea Xeral.

### Artigo 35°.-

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

- a) As cotas periódicas que acorde a Asemblea Xeral.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados, doazóns que poda recibir de forma legal.
- d) Os ingresos que obteña a Asociación mediante o exercicio de actividades económicas lícitas que acorde realiza-la Xunta Directiva, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ó cumprimento dos seus fins estatutarios.

### Artigo 36°.-

A administración dos fondos da Asociación, levarase a cabo, sometida á correspondente información e intervención e coa publicidade suficiente, a fin de que tódolos asociados podan ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado a este respecto no apartado g) de artigo 30° destes Estatutos.

### Artigo 37°.-

No caso de disolverse a Asociación, a Asemblea Xeral que acorde a disolución, nomeará unha Comisión Liquidadora, composta por cinco

membros, a cal farase cargo dos fondos que existan, para que, unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbera, sexa entregado por este orden a: Agrupación Deportiva "Os Castros" de Cangas; ou a calqueira entidade legalmente constituída con domicilio en Cangas, que se dedique a iguais, ou no seo defecto análogos fins, que esta asociación; ou a unha O.N.G. nacional de carácter seclar, de axuda o terceiro mundo.

Así mesmo, no caso de insolvencia da asociación, a Xunta Directiva, ou, se é o caso, os liquidadores nomeados pola Asemblea Xeral, promoverán de inmediato o oportuno procedemento concursar perante o xuíz competente.

En Cangas a nove de Marzo de dous mil tres,

*Cesar Freije*

**DILIXENCIA**

En proba de conformidade co presente proxecto de reforma dos Estatutos, asinan en tódalas súas follas tódolos representantes da Xunta Directiva da mesma, e transcribese a presente dilixencia asinada polo Secretario da mesma, co Visto e Prace do Presidente, para que conste que foron modificados para adaptalos as previsións da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada ó efecto, en data nove de Marzo de dous mil tres.

En Cangas a dez de Marzo de dous mil tres,

O Secretario  
Cándido N. Rodriguez Gil

Vº e prace, O Presidente  
José Villar Rico



**RESOLVO**

Inscribi-la adaptación dos Estatutos á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións da asociación denominada **ASOCIACION DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE CANGAS"**, e visa-los novos ós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

O exemplar dos Estatutos debidamente visado poderá recollelos nesta Delegación Provincial, sita en Ronda da Muralla, nº 70, 1ª planta, de 9 a 14 horas tódolos días da semana excepto os sabados.

Por último informolle que tamén se poderá entregar a outra persoa provista de autorización asinada por vostede.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución, tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 8 de maio de 2003

**O SECRETARIO PROVINCIAL**



Asdo...: **RAFAEL DIAZ IGLESIAS**



**XUNTA  
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

**XUNTA DE GALICIA**  
Edificio Administrativo: Honda da Muralla, 70 - 1ª planta - 27071 Lugo Telf. 982 29 43 03 - Fax: 982 29 42 95  
**REGISTRO XERAL - LUGO**

---

- 9 MAYO 2003

---

**SAÍDA**

---

n.º 56.429

**JOSE VILLAR RICO**  
**CRTRA XERAL VILACHÁ**  
**CANGAS DE FOZ**  
**27892.- FOZ (LUGO)**

**Codigo : 110220 SERVICIO DE INTERIOR**  
**Asunto: Adaptacion da asociación 1979/00212-1(LU).**

No día de hoxe o Delegado Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local dictou a seguinte resolución:

Examinado o expediente sobre adaptación á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións dos estatutos da **ASOCIACION DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE CANGAS"**, inscrita por Resolución de 12/05/1979 correspondéndolle o n.º 1979/00212-1 do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

#### **FEITOS**

Que según acordo da assemblea xeral extraordinaria celebrada ó día 9 de marzo de 2003, acordou a adaptacion dos seus Estatutos á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa la Lei Organica 1/2002, de 22 de marzo de 2002, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, de 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autonoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde de 26 de setembro de 1996.

Segundo : Que a adopción do acordo de adaptación dos estatutos á Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións, cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo no altera a natureza xurídica da entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro : Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

**VISADO:**

Por resolución de esta delegación provincial, de fecha 8 de mayo de 2003, se acordó el sellado y visado de los presentes estatutos de la asociación denominada **ASOCIACION DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE CANGAS"**, adaptados a la L.O. 1/2002, de 22 de marzo, por acuerdo de la asamblea general extraordinaria celebrada al efecto el día 9 de marzo de 2003. La referida asociación se halla inscrita en el registro provincial de asociaciones con el número 212 de la sección primera.

Lugo, 8 de mayo de 2003

EL DELEGADO PROVINCIAL



*leg*  
Fdo. Manuel Teijeiro Álvarez

DELEGACIÓN

En punto de vista de la conformidad con el artículo 10 de la Ley 1/2002, de 22 de marzo, por la que se modifica el texto refundido de la Ley Orgánica 1/1982, de 5 de mayo, de esta Delegación Provincial de Lugo, se ha acordado por el Pleno de la Delegación Provincial de Lugo, en sesión de 8 de mayo de 2003, que se visen y sellen los estatutos de la Asociación de Vecinos "San Pedro de Cangas", adaptados a la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, por la que se modifica el texto refundido de la Ley Orgánica 1/1982, de 5 de mayo, de esta Delegación Provincial de Lugo, en sesión de 8 de mayo de 2003.

*Manuel Teijeiro Álvarez*  
Delegado Provincial

*Manuel Teijeiro Álvarez*  
Delegado Provincial

*Manuel Teijeiro Álvarez*  
Delegado Provincial